Padrón

Exmo. Concello de Padrón
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE PROFESORA DE PIANO DA ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE PADRÓN.

Faise público que por Resolución do Alcalde de data 14 de outubro de 2010 adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Nomear persoal laboral temporal, a tempo parcial, do Concello de Padrón como profesora de piano da Escola de Música Municipal, a dona Yenia Romero Soto por ser a que acadou maior puntuación no proceso selectivo convocado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión realizada o 8 de setembro de 2009, para o curso 2009/2010.

Segundo. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo e formalizar coa interesada, no prazo máximo de 2 días hábiles, contados desde a última publicación, o correspondente contrato laboral temporal para o curso escolar 2010-2011.

Terceiro. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención e Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 14 de outubro de 2010.

O Alcalde,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE PADRÓN

Asdo. Camilo Forján Seoane.